



DATOS IDENTIFICATIVOS

Lingua francesa e a súa didáctica

Materia	Lingua francesa e a súa didáctica			
Código	P02G120V01505			
Titulación	Grao en Educación Primaria			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Lingua de impartición	Francés			
Departamento	Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinador/a	Valcárcel Riveiro, Carlos			
Profesorado	Valcárcel Riveiro, Carlos			
Correo-e	carlos.valcarcel@uvigo.es			
Web	http://https://sites.google.com/site/didactiquedufle/			
Descrición xeral	Materia centrada na adquisición de competencias na didáctica da lingua estranxeira tomando como exemplo a lingua francesa.			

Competencias

Código	
B1	Coñecer as áreas curriculares da Educación Primaria, a relación interdisciplinar entre elas, os criterios de avaliación e o corpo de coñecementos didácticos ao redor dos procedementos de ensino e aprendizaxe respectivos
B2	Deseñar, planificar e avaliar procesos de ensino e aprendizaxe, tanto individualmente como en colaboración con outros docentes e profesionais do centro
B3	Abordar con eficacia situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multiculturais e plurilingües. Fomentar a lectura e o comentario crítico de textos dos diversos dominios científicos e culturais contidos no currículo escolar
B5	Fomentar a convivencia na aula e fóra dela, resolver problemas de disciplina e contribuir á resolución pacífica de conflitos. Estimular e valorar o esforzo, a constancia e a disciplina persoal nos estudantes
B6	Coñecer a organización dos colexios de educación primaria e a diversidade de accións que comprende o seu funcionamento. Desempeñar as funcións de titoría e de orientación cos estudantes e as súas familias, atendendo as singulares necesidades educativas dos estudantes. Asumir que o exercicio da función docente ha de ir perfeccionándose e adaptándose aos cambios científicos, pedagóxicos e sociais ao longo da vida
B8	Manter unha relación crítica e autónoma respecto dos saberes, os valores e as institucións sociais públicas e privadas
B10	Reflexionar sobre as prácticas de aula para innovar e mellorar o labor docente. Adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma e cooperativa e promovela entre os estudantes
C11	Coñecer os procesos de interacción e comunicación no aula
C13	Promover o traballo cooperativo e o traballo e esforzo individuais
C16	Deseñar, planificar e avaliar a actividade docente e a aprendizaxe no aula
C34	Fomentar a educación democrática da cidadanía e a práctica do pensamento social crítico
C43	Comprender os principios básicos das ciencias da linguaxe e a comunicación
C45	Coñecer o currículo escolar das linguas e a literatura
C48	Fomentar a lectura e animar a escribir
C50	Afrontar situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multilingües
C51	Expresarse, oralmente e por escrito nunha lingua estranxeira
C52	Desenvolver e avaliar contidos do currículo mediante recursos didácticos apropiados e promover as competencias correspondentes nos estudantes
C62	Coñecer e aplicar os procesos de interacción e comunicación no aula e dominar as destrezas e habilidades sociais necesarias para fomentar un clima de aula que facilite a aprendizaxe e a convivencia
C63	Controlar e facer o seguimento do proceso educativo e en particular o de ensino-aprendizaxe mediante o dominio das técnicas e estratexias necesarias
C65	Participar na actividade docente e aprender a saber facer, actuando e reflexionando desde a práctica
D1	Capacidade de análise e síntese
D2	Capacidade de organización e planificación
D3	Comunicación oral e escrita na lingua materna

D4	Coñecemento de lingua estranxeira
D7	Resolución de problemas
D9	Traballo en equipo
D11	Traballo nun contexto internacional
D12	Habilidades nas relacións interpersoais
D13	Recoñecemento da diversidade e multiculturalidade
D15	Compromiso ético
D16	Aprendizaxe autónoma
D17	Adaptación a novas situacións
D19	Lideranza
D20	Coñecemento doutras culturas e costumes
D21	Iniciativa e espírito emprendedor

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
1. Comprender as ideas principais do discurso falado cando este é claro e normal e se tratan asuntos cotiáns dos ámbitos persoal, público, profesional e educativo (MECR, Cadro 5).			D1 D3 D4 D11 D12
2. Comprender a idea principal de filmes e de programas de radio ou televisión que tratan temas actuais ou de interese persoal ou profesional, cando a articulación é relativamente lenta e clara.			D1 D3 D4 D11 D13 D20
3. Comprender textos escritos redactados nunha lingua de uso habitual e cotián ou relacionada co traballo.			D1 D3 D4
4. Comprender a descrición de acontecementos, sentimentos e desexos en cartas persoais.			D1 D3 D4
5. Saber desenvolverse en case todas as situacións que se lle presentan cando viaxa onde se fala esa lingua.		C50 C51	D1 D3 D4 D13 D17 D20
6. Poder participar espontaneamente nunha conversa que trate temas cotiáns de interese persoal ou que sexan pertinentes para a vida diaria (por exemplo familia, afeccións, traballo, viaxes e acontecementos actuais).		C50 C51	D1 D3 D4 D12 D20
7. Poder tratar oralmente en francés, con fluidez e seguridade, de temas de interese para estudantes de educación primaria. Saber enlazar frases de forma sinxela co fin de describir experiencias e feitos, así como os seus soños, esperanzas e ambicións.	B3	C11 C50 C51	D1 D3 D4 D12 D20
8. Poder explicar e xustificiar brevemente as súas opinións e proxectos.		C50 C51	D1 D3 D4 D12 D17 D20 D21
9. Saber narrar unha historia ou relato, a trama dun libro ou película, e poder describir as súas reaccións.		C51	D1 D3 D4
10. Ser capaz de escribir textos sinxelos e ben enlazados sobre temas que lle son coñecidos ou de interese persoal. Poder escribir cartas persoais que describan experiencias e impresións.		C51	D1 D3 D4
11. Coñecer as áreas curriculares da Educación Primaria, a relación interdisciplinaria entre elas, os criterios de avaliación e o corpo de coñecementos didácticos sobre os procedementos de ensino e aprendizaxe respectivos.	B1 B6	C11 C63	D1 D2 D9 D12 D19

12. Diseñar, planificar e avaliar procesos de ensino e aprendizaxe, tanto individualmente como en colaboración con outros docentes e profesionais do centro.	B2 B8	C13 C16 C34 C43 C45	D1 D2 D9 D12 D19
13. Fomentar a convivencia no aula e fóra dela, resolver problemas de disciplina e contribuír á resolución pacífica de conflitos. Estimular e valorar o esforzo, a constancia e a disciplina persoal nos estudantes.	B5	C11 C13 C34	D2 D7 D12 D15
14. Reflexionar sobre as prácticas de aula para innovar e mellorar o labor docente. Adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma e cooperativa e promovela entre os estudantes.	B10	C13 C16 C34	D2 D9 D12 D16 D21
15. Comprender os principios básicos das ciencias da linguaxe e da comunicación.		C43	D1 D3 D4
16. Manexar os conceptos básicos do ensino comunicativo dunha lingua estranxeira, incluíndo as funcións lingüísticas, as competencias e estratexias comunicativas.		C43	D1 D3 D4
17. Diferenciar entre competencias lingüísticas, socioculturais, e pragmáticas (MECR, Capítulo 5, Seccións 5.2.1, 5.2.2 e 5.2.3).		C11 C43 C52	D1
18. Coñecer o proceso de aprendizaxe da linguaxe escrita e o seu ensino.		C43 C51 C63	D1 D3 D4
19. Coñecer o currículo escolar da lingua estranxeira.		C43 C45	D1 D4
20. Saber desenvolver un programa de ensino e aprendizaxe comunicativa da lingua estranxeira.		C45 C52	D1 D2 D4
21. Ser capaz de preparar e aplicar unha unidade didáctica.		C16 C51 C52 C62 C63 C65	D1 D2 D3 D4 D9
22. Ser capaz de presentar novos elementos funcionais, gramaticais e lexicais.		C43 C51 C52 C62 C63 C65	D1 D2 D3 D4 D9
23. Saber facilitar a práctica oral na aula mediante actividades comunicativas en parellas e grupos.		C43 C52 C62 C63 C65	D1 D2 D3 D4 D9
24. Saber crear oportunidades para a produción libre e comunicativa mediante xogos, actividades lúdicas e creativas.		C43 C52 C62 C63 C65	D1 D2 D4 D9 D21
25. Saber como fomentar a lectura e animar a escribir.		C48	D2 D4
26. Comprender distintas formas de avaliación e de auto-avaliación e saber levar a avaliación a cabo.		C63 C65	D1 D2 D4

Contidos

Tema

D1 - Ensino comunicativo da lingua estranxeira	D1a. As variábeis do ensino das linguas estranxeiras na educación primaria: idade, lingua inicial, contexto sociocultural, necesidades e obxectivos. D1b. Metodoloxías no ensino das linguas estranxeiras. D1c. Aprendizaxe da lingua estranxeira por proxectos na Educación Primaria.
D2 □ Metodoloxía 1: Presentación e práctica.	D2a. O nivel A1 do MECR en educación infantil: obxectivos, contidos e competencias. D2b. O Currículo de Educación Primaria e a aprendizaxe das linguas estranxeiras. D2c. Actividades para traballar as competencias lingüísticas en lingua estranxeira na Educación Primaria: comprensión oral e escrita, expresión oral e escrita.
D3 - Metodoloxía 2: Producción, creatividade e xogo.	D3a. Cancións e música na clase de francés en Educación Primaria. D3b. O papel dos contos na clase de francés de Educación Primaria. D3c. O uso do xogo na clase de francés de Educación Primaria.
D4 - A unidade didáctica.	D4a. A escolla de materiais para traballar na aula: documentos pedagogizados e documentos auténticos. D4b. Temporalización de obxectivos, contidos e actividades D4c. A avaliación da comprensión oral e escrita. D4d. A avaliación da expresión oral e escrita.
L1. Presentación de si mesmo e dos demais.	L1a. Saúdos, despedidas. L2b. Preguntar e saber dicir o nome, o enderezo, a idade e o número de teléfono. L3c. Preguntar e saber dicir a profesión e o país de orixe.
L2. Descrición física e da personalidade.	L2a. Características físicas, afectivas e persoais: describirse a si mesmo e os demais en termos da aparencia e do carácter. Identificar alguén mediante a súa descrición. L2b. Expresar o acordo e o desacordo; técnicas de clarificación, paráfrase e verificación.
L3. O medio no que vivimos.	L3a. Descrición de vivendas e lugares. L3b. Comprensión de anuncios de pisos e vivendas en aluguer. L3c. Orientarse na cidade.
L3. Solicitar un traballo. Os animais.	L3a. Comprender textos relacionados co mundo laboral L3b. Practicar entrevistas de traballo en parellas. L3c. Ler e escribir cartas de solicitude de emprego. L3d. Os animais domésticos e salvaxes. os animais da granxa.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	25	25	50
Proxectos	25	50	75
Presentacións/exposicións	0.5	0	0.5
Prácticas autónomas a través de TIC	7	14	21
Debates	3.5	0	3.5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

Descrición

Sesión maxistral	As sesións maxistrais desenvolveranse con toda a clase, nas horas de grupo A. Nelas profesor e alumnado traballarán os conceptos esenciais dos diferentes puntos dos contidos da materia. Serán propostas unha serie de preguntas que se deberán responder nas horas de debate ou no grupo que se creará para a materia na rede social máis usada pola clase. O profesor tamén indicará bibliografía e sitografía útil para o alumnado procurar información e encontrar respostas.
Proxectos	Ao longo do curso, o profesor propondrá un mínimo de catro tarefas que integrarán o portfolio ou blog de aprendizaxe que deberá presentar oralmente cada alumno no final do cuadrimestre. As datas de realización das tarefas serán establecidas nas sesións de debate, pero non se aconsella que se superen as dúas semanas para a súa realización. Preferentemente, nas horas de tipo B, o profesor guiará o alumnado para a execución destas tarefas mediante a realización de actividades grupais e colaborativas.
Presentacións/exposicións	Desenvolveranse no final no cuadrimestre durante o período de exames establecido no calendario académico. Nestas sesións cada alumno deberá expor oralmente na aula o seu portfolio de aprendizaxe no tempo establecido previamente polo profesor e a clase.
Prácticas autónomas a través de TIC	O alumnado deberá realizar en liña unha serie de actividades obrigatorias para reforzar o seu nivel de lingua francesa. As dúbidas serán resoltas preferentemente nas horas C ou durante o horario de atendimento do profesor.
Debates	Desenvolveranse preferentemente nas horas de tipo C, aínda que tamén se poderán programar encontros dixitais. O alumnado deberá achegar respostas e ideas sobre as preguntas que se formulen nas sesións maxistrais. As horas de debate tamén se poderán usar para negociar datas, horarios, criterios e metodoloxía do sistema de avaliación.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	A atención personalizada realizarase de diferentes maneiras: 1. Durante o horario de titorías que o profesor detallará na sesión introdutoria do curso. O alumnado deberá fixar unha cita co profesor dentro deste horario e a través do correo electrónico. Nestas titorías o alumnado poderá resolver dúbidas, facer suxestións e reforzar co profesor aspectos prácticos da materia. O profesor non atenderá o alumnado sen cita previa ou fóra do horario establecido. 2. A través do grupo de traballo en liña. 3. A través de videoconferencia (previa cita) ou do correo electrónico.
Proxectos	A atención personalizada realizarase de diferentes maneiras: 1. Durante o horario de titorías que o profesor detallará na sesión introdutoria do curso. O alumnado deberá fixar unha cita co profesor dentro deste horario e a través do correo electrónico. Nestas titorías o alumnado poderá resolver dúbidas, facer suxestións e reforzar co profesor aspectos prácticos da materia. O profesor non atenderá o alumnado sen cita previa ou fóra do horario establecido. 2. A través do grupo de traballo en liña. 3. A través de videoconferencia (previa cita) ou do correo electrónico.
Presentacións/exposicións	A atención personalizada realizarase de diferentes maneiras: 1. Durante o horario de titorías que o profesor detallará na sesión introdutoria do curso. O alumnado deberá fixar unha cita co profesor dentro deste horario e a través do correo electrónico. Nestas titorías o alumnado poderá resolver dúbidas, facer suxestións e reforzar co profesor aspectos prácticos da materia. O profesor non atenderá o alumnado sen cita previa ou fóra do horario establecido. 2. A través do grupo de traballo en liña. 3. A través de videoconferencia (previa cita) ou do correo electrónico.
Debates	A atención personalizada realizarase de diferentes maneiras: 1. Durante o horario de titorías que o profesor detallará na sesión introdutoria do curso. O alumnado deberá fixar unha cita co profesor dentro deste horario e a través do correo electrónico. Nestas titorías o alumnado poderá resolver dúbidas, facer suxestións e reforzar co profesor aspectos prácticos da materia. O profesor non atenderá o alumnado sen cita previa ou fóra do horario establecido. 2. A través do grupo de traballo en liña. 3. A través de videoconferencia (previa cita) ou do correo electrónico.
Prácticas autónomas a través de TIC	A atención personalizada realizarase de diferentes maneiras: 1. Durante o horario de titorías que o profesor detallará na sesión introdutoria do curso. O alumnado deberá fixar unha cita co profesor dentro deste horario e a través do correo electrónico. Nestas titorías o alumnado poderá resolver dúbidas, facer suxestións e reforzar co profesor aspectos prácticos da materia. O profesor non atenderá o alumnado sen cita previa ou fóra do horario establecido. 2. A través do grupo de traballo en liña. 3. A través de videoconferencia (previa cita) ou do correo electrónico.

Avaliación

Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe

Proxectos	Ao longo do curso o alumnado deberá realizar unha serie de tarefas ou proxectos relacionados cos contidos da materia. Cada proxecto será avaliado de xeito anónimo por un grupo do alumnado conformado aleatoriamente. O conxunto das tarefas ou proxectos realizados por cada alumno constituirá o seu portfolio de aprendizaxe, que se irá completando en formato blog. A media das notas obtidas en cada proxecto constituirá o 50% da nota final da materia. Para poder ser avaliado na primeira convocatoria, o alumnado deberá realizar todas as tarefas propostas nos prazos fixados pola clase.	50	B1 C11 D1 B2 C13 D2 B3 C16 D3 B5 C34 D4 B6 C43 D7 B8 C45 D9 B10 C48 D11 C50 D12 C51 D13 C52 D15 C62 D16 C63 D17 C65 D19 D20 D21
Presentacións/exposicións	Nas datas establecidas na clase durante o período de exames do cuadrimestre, o alumnado deberá presentar oralmente o seu portfolio de aprendizaxe, froito das tarefas parciais encargadas polo profesor e que estarán recollidas nun blog de aprendizaxe. O alumnado deberá ter realizado todas as tarefas propostas ao longo do curso para ser avaliado na primeira convocatoria. Cada estudante disporá de 10 minutos e poderá usar os medios audiovisuais que a facultade pon ao seu dispor. As exposicións serán públicas, aínda que o/a alumno/a poderá decidir se quere realizar a exposición só en presenza do profesor. As exposicións de cada estudante serán avaliadas segundo unha grella de avaliación cuxos criterios e baremo serán negociados na aula ao inicio do cuadrimestre. Sexa como for, nos criterios de avaliación que conformarán esta grella terase en conta a asistencia ás aulas.	30	B10 C13 D1 C51 D2 D3 D4 D7 D9 D11 D12 D13 D15 D16 D17 D19 D20 D21
Prácticas autónomas a través de TIC	A actividade desenvolvida en liña para reforzar o nivel de lingua francesa será avaliada automaticamente no ambiente virtual de aprendizaxe.	20	C51 D1 D2 D3 D4 D7 D12 D13 D20

Outros comentarios sobre a Avaliación

Avaliación en segunda convocatoria

O alumnado que non viñer ás aulas e/ou que non elaborar a totalidade das tarefas do portfolio de aprendizaxe ou das actividades en liña nos prazos estabelecidos non poderá realizar a presentación oral do portfolio de aprendizaxe. Nese caso, será avaliado como non presentado en primeira convocatoria.

O alumnado que concorrer á segunda convocatoria deberá realizar un exame escrito sobre o 100% dos contidos da materia. O exame realizarase na data oficial fixada polo centro. Será puntuado de 0 a 10 en función dunha grella establecida polo profesor. O exame contará cunha pregunta teórica e cun suposto práctico que o alumnado deberá resolver.

Linguas de traballo

As linguas de traballo da materia serán o francés, o galego e o castelán. O profesor comunicarase co alumnado en todo momento, tanto por oral como por escrito, en lingua francesa. O alumnado poderá empregar calquera das tres linguas de traballo, tanto da comunicación oral ou escrita como nas tarefas parciais e presentación final. Porén, o esforzo por usar o francés será tido en conta positivamente na avaliación final. Os enunciados do exame en segunda convocatoria estarán redactados en lingua francesa, pero o alumnado poderá realizalo en calquera das tres linguas de traballo da materia. Fica prohibida a utilización do tradutor automático. O seu uso repetido nunha tarefa ou nun portfolio poderán supor a invalidación dos mesmos.

Bibliografía. Fontes de información

PÁXINA WEB DA MATERIA

<https://sites.google.com/site/didactiquedufle/>

BIBLIOGRAFÍA

- BENTLEY, K. (2010): The TKT (Teaching Knowledge Test) course : CLIL Module (Content and Language Integrated Learning), Cambridge, Cambridge University Press.
- BOYER, H. et al. (1990): Nouvelle introduction à la didactique du FLE, Paris, Clé International.
- CALAQUE, E. (1997): L'enseignement précoce du français langue étrangère: bilans et perspectives, Grenoble, LIDILEM / Université Stendhal Grenoble 3.
- CONSEIL DE L'EUROPE (2001): Cadre Européen Commun de Référence pour les langues: Apprendre, enseigner, évaluer, Strasbourg, Conseil de l'Europe.
- CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (2008): Lexislación da Educación Primaria en Galicia, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.
- COURTILLON, J. (2003): Élaborer un cours de FLE, Paris, Hachette.
- CUQ, J. P. (1996): Une introduction à la didactique de la grammaire en français langue étrangère, Paris, Didier-Hatier.
- CUQ, J. P. et GRUCA, I. (2009): Cours didactique du français langue étrangère et seconde, Grenoble, Presses Universitaires de Grenoble.
- CYR, P. et GERMAIN, C. (1998) : Les stratégies d'apprentissage, Paris, Clé-International.
- DALE L. et TANNER, R. (2012): CLIL activities : a resource for subject and language teachers, Cambridge, Cambridge University Press.
- ESCOBAR C., EVNITSKAYA N., MOORE E. e PATIÑO, A. [eds.] (2011): AICLE - CLIL -EMILE. Educació plurilingüe: Experiències, research & polítiques. Bellaterra, Universitat Autònoma de Barcelona.
- EURYDICE (2006): L'enseignement d'une matière intégré à une langue étrangère (EMILE) à l'école en Europe, Bruxelles, Commission Européenne.
- GERMAIN, C. (1991): Le point sur l'approche communicative en didactique des langues, Canada-Québec, Centre éducatif et culturel.
- HIRSCHPRUNG, N. (2005): Apprendre et Enseigner avec le Multimedia, Paris, Hachette.
- LASAGABASTER, D. e RUÍZ, Y. [eds.] (2010): CLIL in Spain: Implementation, Results and Teacher Training. Newcastle upon Tyne, Cambridge Scholars Publishing.
- NOËL-JOTHY, F. et SAMPSONIS, B. (2006): Certifications et outils d'évaluation en FLE, Paris, Hachette.
- PORCHER, L. (2004): L'enseignement des langues étrangères, Paris, Hachette.
- PUREN, C. (1988): Histoire des méthodologies de l'enseignement des langues, Paris, Nathan-Clé International.
- SAN ISIDRO, F.X. [coord.] (2009): CLIL: Integrando linguas "a través" do currículo, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.
- SAN ISIDRO, F.X. [coord.] (2011): Materiais plurilingües 3.0: Formación, creación e difusión, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.
- VELTCHEFF C. et HILTON, S. (2003): L'évaluation en FLE, Paris, Hachette.
- VÉRONIQUE, D. et alii (2009): L'acquisition de la grammaire du français, langue étrangère, Paris, Didier.
- VIGNER, G. (2004): La grammaire en FLE, Paris, Hachette.
- WEISS, F. (2002): Jouer, communiquer, apprendre. Paris, Hachette.
- YAICHE, F. (1996) : Les simulations globales, mode d'emploi, Paris, Hachette.

Recomendacións

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Didáctica da lingua e literatura: Español/P02G120V01506

Didáctica da lingua e literatura: Galego/P02G120V01501

Lingua e literatura: Español/P02G120V01603

Lingua e literatura: Galego/P02G120V01602

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Educación: Deseño e desenvolvemento do currículo da educación primaria/P02G120V01201

Educación: Novas tecnoloxías aplicadas á educación primaria/P02G120V01202

Psicoloxía: Psicoloxía da educación: Procesos de aprendizaxe escolar/P02G120V01205

Psicoloxía: Psicoloxía do desenvolvemento de 6 a 12 anos/P02G120V01103

Lingua española/P02G120V01303

Lingua galega/P02G120V01404

Outros comentarios

Recoméndase que o alumnado matriculado teña estudado, ao menos, dous anos de lingua francesa en ESO e/ou Bacharelato. Así mesmo, aconséllase que, tras cursar esta materia, o alumnado continúe adquirindo máis competencias en lingua francesa na Escola Oficial de Idiomas ou no Centro de Linguas da universidade.

O profesor pediralle ao alumnado que dispoña dun perfil en Google (gmail), en Facebook e en Educaplay.

En caso de ausencia xustificada do profesor, este garantirá as aprendizaxes do alumnado mediante actividades en liña.
